

# A crítica literaria na era dixital, que crítica?

XOSÉ MANUEL EYRÉ VAL  
IES A Pinguela

## **Resumo:**

Nun contexto histórico no cal é posíbel enxergar unha nova forma de ler, e desde unha realidade social na cal a cultura do autor está a ser reprimida polas mesmas instancias que teñen o mandato político de amparala, propónse unha reflexión acerca da crítica literaria como axente cultural e social. Nela pártese da previa distinción dunha nova forma de ler e de entender o feito literario; condicionante sen o cal dificilmente se pode atender a socialización da lectura, meta diametralmente oposta á actual, e maioritaria, concepción da literatura como un pracer restrinxido ao ámbito da privacidade individual.

**Palabras chave:** Reflexión, crítica literaria, lectura pasiva, lectura activa, socialización da lectura

## **Abstract:**

This paper focuses on literary criticism as a cultural and social agent within a historical context, where it is possible to evolve a new way of reading and in the frame of a social reality and where the author's culture is being undermined by the same instances that have the political mandate to protect it. The point of departure is to identify a new way of reading and of understanding the literary fact, which is the basis of a socialization of the reading process. This goal is diametrically opposed to the current and general conception of literature as a pleasure restricted to the individual and its privacy.

**Key words:** Reflection, literary criticism, passive reading, active reading, socialization of reading

O crítico literario é un axente cultural máis, como o é un libreiro, un editor, un xornalista, un cantor, un varrendeiro, un florista, un cura ou un avogado. A cultura facémola todos, inclusive aqueles que pensan que a cultura é un ente estraño, elitista, do que eles non saben nada ou case nada e do cal non se senten partícipes alén de como posibles consumidores. Entender a cultura como unha creación humana para elites constitúe un latrocinio abominable, contrario á aspiración comunicativa universal que está no cerne do seu nacemento. Polo tanto reclamo que para a actividade crítica a funcionalidade primaria consiste en ser útil ao conxunto da sociedade, non a unha determinada elite.

Porque o crítico non é un ser que tende ao ensimesmamento, nin os libros son unha esfera de realidade alternativa ao acontecer social. Contrariamente á imaxe que vulgarmente se ten dos libros e dos críticos (persoas que viven por a para os libros), os críticos somos persoas normais e non vivimos de costas á sociedade, senón que participamos nela activamente. É certo, si, que existen intereses para os cales é moi cómodo o crítico como axente cultural alleo á sociedade.

É máis, reclamo o crítico como un axente cultural dinamizador de primeira magnitude. E de que así sexa depende en grande medida a propia liberdade da sociedade, pois coa súa ausencia esta fica perigosamente abandonada nas mans do mercado, ese que di que o benestar depende da cantidade de obxectos que sexas quen de consumir, estando este acto de consumir en función das posibilidades económicas do cliente sen que iso teña que ser consecuencia dun acto reflexivo, avaliador e previo, senón como expresión do seguimento cego de determinadas estratexias de mercado. Marxinar a voz do crítico é o mesmo que condenar a sociedade ao uniformismo, a un reduccionismo de pensamento, obra e acción que ten unha única estación de destino: a pobreza. Si, a pobreza. O progreso, esa aspiración irrenunciábel que nos trouxo deica onde estamos, é incompatíbel co uniformismo reduccionista que propón o consumismo salvaxe. O progreso non pode ser entendido sen a existencia dunha corrente crítica desafiante do sistema establecido. Nin tampouco sen o caudal, sen o capital que achegan os creadores, sempre os primeiros en ampliar os horizontes do pensamento humano. E cando falo de creadores inclúo entre eles os críticos, que non somos creadores primarios (ou non sempre), mais a función crítica revélase de moi estimábel axuda da transmisión desa actividade creadora.

Hoxe, cando a cultura e a sociedade galegas están sendo atacadas con singular virulencia, premeditación, aleivosía e nocturnidade, polas mesmas instancias que teñen o deber político de amparala e difundila, hoxe a voz do crítico non pode calar, sería de covardes e necesítase moito valor para decidirse pola devoción crítica..

Hoxe, mañá e sempre, na miña opinión, a crítica ha de coidar especialmente a vinculación do libro coa sociedade, inserir o libro no contexto social pertinente. Do contrario, córrese o perigo de que a lectura fique orfa, coxa de socialización, contribuíndo deste xeito a outro latrocinio, ese que condena a lectura a ser un acto destinado ao ámbito do pracer privado. Digo latrocinio porque o libro nace sempre con vontade de chegar a calquera lector, unha vontade universalista que choca frontalmente con esa ansia de reducir a lectura á esfera do individualismo controlábel. Os críticos, como axentes culturais que somos, actuamos precisamente como mediadores entre a o creador e o lector, polo que non podemos esquecelo.

É moi importante cadastrar isto. Porque somos herdeiros dunha tradición ambigua, unha tradición que por un lado nos reclama pouco submisos e rebeldes... mentres por outro lado se asusta e olla de esguello cando decidimos traer a conflitividade social ao noso discurso; pois só considera crítica literaria aquela que unicamente se afana na disección interior do discurso, e ten como espúrea calquera tentativa fóra desas marxes. Ás veces pode que este estado de cousas non sexa intencionado a priori, porén a despreocupación por esta problemática é constante incluso neses casos, e revela á claras o illamento do crítico.

Esta desvinculación, que retrato, do crítico coa sociedade non é a única que padecemos. Ao seu carón, outra non menos inquietante, a que ten que ver co resto de críticos cuxa actividade se manifesta noutras esferas (que teñen que ver coa comunicación). Hoxe obsérvase actividade crítica específica na fotografía, no cinema, na televisión, na música, na gastronomía, nas artes plásticas, inclusive nos deportes ou na política. Ademais de na literatura pódese observar actividade, se non recoñecida como estritamente crítica, si en certa maneira asimilábel a ela. E cabe agardar que, en canto constituía tradición, porque hai que ter en conta que esta actividade é moi recente no tempo, comece a falarse de crítica sen dúbida. Son consciente de que noutras culturas a crítica engloba máis axentes que o crítico literario. Si, é certo, porén non teño constancia de que nin nesas circunstancias se teña producido un intenso diálogo entre as distintas «críticas», cando teñen moitas cousas en común pois non só a finalidade da súa actuación as emparenta. De xeito e maneira que as coadxuvantes sinerxias que se poderían establecer entre elas son aínda un mundo por explorar. De aí que, cando penso na crítica e no futuro, a lóxica amósame unha imaxe na que todos pertencemos á mesma colexiación. E son consciente de que a dignificación da nosa devoción común pasa irremisibelmente por aí. Porque quizá só a partir de aí as autoridades educativas comecen a pensar seriamente no asunto, e quizá algún día o sistema educativo oferte posibilidades a quen se queira formar nesta actividade tan transcendente á hora de, dalgunha maneira, garantir unha sociedade libre, unha sociedade baseada no coñecemento e o consumo consciente.

Entendo o crítico como un lector autorizado, unha persoa á cal a experiencia lectora lle desenvolveu capacidades e sensibilidades utilísimas á hora de dar conta do feito literario. Estas capacidades e sensibilidades confírenlle unha habilidade lectora notábel, que non se ensina nas universidades, senón que é froito dunha moi intensa familiarización co feito literario, da súa observación crítica reiterada e o que isto supón de achegamento ao propio acto creador e á finalidade do discurso.

Porén vivimos un momento histórico con características distintivas e moi especiais. Dise que a creación do artigo que antepoñemos ao substantivo e outras clases de palabras, é dicir: o actualizador nominal, representou unha auténtica revolución lectora (porque en si significou unha nova forma de concibir a representación da realidade). Pois ben, hoxe estamos ultrapasando as portas de entrada aos inicios doutra revolución de magnitude moi superior, porque desde aquela non se operara ningunha remuda no proceso decodificador e hoxe estamos asistindo á consolidación dunha nova forma de ler. Malia a importancia e transcendencia que encerra o fenómeno, pouca atención se lle prestou, desenvolvéndose (a literatura

que informa deste transcendental suceso) á luz dos traballos que arredor do discurso hiperbreve xurdiron desde finais de década dos 80, e especialmente desde os anos finais da década dos 90 deica hoxe. Aquela lectura acumulativa, con pretensión de universalidade, pasiva, pouco reflexiva, pechada, horizontal e lóxica,... Esa forma de lectura xa non é única. Os novos medios de comunicación desenvolveron e están propagando unha forma de lectura diferente: vertical, activa, reflexiva, aberta, intuitiva. Textos desde os cales se puidese efectuar este tipo de lectura xa existía moi de vello, case desde que a escrita se manifesta. Mais non foi deica que as esixencias en (materia temporal e tamén espacial) da publicidade (en múltiples soportes), a popularización dos videoclips e recentemente da curtametraxes, correlativos a unha fragmentación cada vez máis intensa do discurso literario, non foi deica entón que esta nova lectura comezou a ter carta de presenza entre nós, unha carta de presenza que reclama a berros non abeirar eses textos ao caixón da xenialidade, ese caixón no que o sistema literario tradicional acurrala todo que non é quen de explicar convincentemente.

A confusión que a convivencia destes dous paradigmas xera no lector, é moi intensa e moi lóxica, pois trátase de dous sistemas literarios alternativos, ambos con características (definitorias e funcionais) propias, que dificilmente se poden explicar mutuamente. Desá confusa colisión nace a expresión de incompreensión ante o feito literario, constatando que a consolidación do novo sistema literario non está a ser nada doada ( Máis información sobre isto pode lerse no *Nin che conto* que en 2009 demos á luz na editorial Xerais).

Neste contexto, a literatura galega xógase moito. Familiarizar as novas xeracións no uso das novas tecnoloxías da información e consumo (TICS), ofrece unhas posibilidades moi a ter en conta. Que as novas xeracións accedan á lectura de vangarda desde o galego, é un obxectivo posíbel, desexábel e imprescindible, que, de lograrse, tinxirá a lingua galega dunha aura de modernidade impagábel á hora de loitar contra a maré de prexuízos a que está sometida a nosa lingua por unha parte da sociedade: unha parte da sociedade politicamente moi interesada na erradicación da faz da terra do que signifique cultura galega ou constituía un claro referente e instrumento de autoidentificación.

Porén as consellerías de Educación e Cultura adican os seus esforzos a argallar, maquina contra a lingua e cultura da Galiza e a súa difusión e dignificación, en lugar de se aplicar na elaboración e difusión de programas que adestren as novas xeracións (todas, mais especialmente ás máis novas) nesta forma de lectura que será a do século XX. Aplícanse a perder o tempo, e a malgastar cartos e unha oportunidade única.

Lembrando o que dicíamos no inicio desta disertación, estas non son as palabras dun ser ensimesmado, illado en si mesmo e que ocupa os seus discursos cunha realidade alternativa ao que a sociedade sente e padece. Seguramente incomodarán os defensores da visión do crítico como un ser socialmente reducido que só debe dar conta dos cerellos internos da creación libresca, os apóstolos do crítico como un espécime humano servizal e doméstico.

Nunha sociedade liberada e autoconsciente pouco futuro se lle albisca a este tipo de crítico acomodaticio. E non creo que debamos renunciar á utopía de lograr unha sociedade así, liberada e autoconsciente, diferente desta sociedade hiperconsumista e devoradora que nos afoga.

Nestas condicións, manifestar espírito rebelde, esa condición tan necesaria para ultrapasar os esquemas de pensamento tradicionais, representa un plus necesario, mais non garante nada en si.

Os novos medios de comunicación, particularmente a internet, ofrecen plataformas alternativas nas cales o crítico pode manifestar esa rebeldía, de xeito que aquela ollada esguellada de que falabamos antes non condicione tanto. E á vez, pódese nela revelar a cara máis humana, próxima e social do crítico, axudando na elaboración dun retrato máis xusto da súa figura. Porén a difusión das TICS aínda é cativa. Que o seu impacto social se agrande a cada día que pasa, non é suficiente.

Curiosamente, esta é a faciana na que internet máis mima a axuda. Curiosa e insuficientemente. Polo de agora, na internet, o discurso crítico maioritario difire en nada ou en case nada do que se pode atopar en papel. Seguramente haberá quen diga que é o mesmo discurso en plataforma alternativa ou paralela. E, sendo un novo medio, cunhas potencialidades descoñecidas deica agora, este feito de achar o mesmo discurso repetido, xera certa frustración. Na internet hai que contar cun novo condicionante, ou dous: o tempo e a brevidade, que case son o mesmo. A axilidade, propia da república dos tres w, presenta un innegábel atractivo para a difusión da crítica, e, á vez, esa mesma brevidade aconsella un tipo de discurso diferente, acorde coas características do novo tipo de lectura, obviando o convite a unha extensión case ilimitada.

No outono de 2007 dei en iniciar unha nova experiencia crítica na rede, que chamei Ferradura en Tránsito (<http://xmeyre.blogaliza.org>), cunha intencionalidade múltipla e desde un nivel de coñecementos desta linguaxe que non supera o de simple usuario. Por un lado pretendía sentir a miña voz moito máis próxima da do lector, e nisto a rede é especialmente positiva. Por outra banda sentía a necesidade de ensaiar novas formas, de facer propostas críticas non convencionais, propostas que me abrisen o camiño diferente e atenderan as necesidades do novo lectorado. Porque o tipo de lector máis habitual da internet tende a fuxir deste tipo tradicional de lecturas, reclamando un discurso que lle permita manifestarse como lector activo, lector reflexivo. De tal maneira, con tal esixencia, o novo lector máis que un discurso crítico censor e pechado e universalista agarda achar un discurso suxestionante desde o cal el, o propio lector, poida elaborar o seu propio xuízo, de xeito que o crítico xa non é o responsábel final do discurso crítico.

O reto era inmenso e atraente.

Antes de expoñer os métodos ou fórmulas que ensaiei, confesarei que xunto á reposta á necesidade crítica, nunca fuxín da compoñente promocional, ou dinamizadora, do mercado libresco que acompaña sempre aos discursos críticos. Máis ben todo o contrario, potenciéina en todo o posíbel. Cómpre aclarar isto porque en todos eses métodos ou fórmulas é moi visíbel esa faceta, e eu son perfectamente consciente de que seguramente moitos lectores identificaron neles esa pretensión dinamizadora, e moito menos a compoñente crítica. O cal é lóxico, porque non están habituados a este tipo de crítica, aberto, participativo, menos censor e máis ilustrador.

O primeiro e máis rendíbel deses métodos consiste en que, a medida que vou lendo, subo diversos subliñados da lectura que estou facendo. É dicir, entrego ao lector, seleccionadas, partes do discurso desde as cales poida formarse unha opinión cabal acerca de como é a lectura que estou propoñendo. Unhas veces ilustran o tema, outras ilustran o estilo, e sempre me permiten comentarios puntuais de como evoluciona o discurso: foron información complementaria da páxina crítica que semanalmente elaborei para A Nosa Terra. Esta é, como dixeran, a fórmula que meirandes satisfaccións me ten dado e, sorprendentemente, unha das seccións máis seguidas da bitácora.

Estes subliñados ás veces van acompañados do que dei en chamar «caderno da crítica». Nel expoño as miñas impresións da lectura en cuestión. Partindo da exposición do horizonte de expectativas previo, vou comentando as miñas impresións acerca da evolución da lectura. As impresións incorporadas nese caderno da crítica son, ás veces, os apuntamentos que vou realizando mentres leo, sen máis amiudada explicación. Téñase en conta que moitas veces esas impresións non achan nin tempo nin espazo onde manifestarse na crítica final, e fican agachadas detrás doutras cuestións que no discurso convencional reclaman primeiro plano.

Outra desa fórmulas consistiu no adianto de parágrafos seleccionados da crítica que despois se publicaría en A Nosa Terra. Procuraba seleccionar sempre parágrafos entre os que houbera pouca continuidade temática. De xeito que cada un deles fora un convite a continuar a reflexión, e ese baleiro entre eles funcionara como elemento suxestionante para que o lector o enchera. É, esta fórmula, a que menos satisfeito me deixa, ao ser simple xogo cun discurso tradicional.

Noutras ocasións o texto crítico consiste na reprodución do índice, acompañada de títulos alternativos para cada un dos capítulos. Nese feito radica unha dose crítica indubidábel, sobre todo se temos en conta que os títulos alternativos procuran unha información do contido meirande da ofrecida polos títulos reais. Pode tamén que sexa o mesmo título da obra o noso albo central.

Unha cuarta fórmula consiste en entrevistarme a min mesmo. En si, a fórmula é bastante convencional, certamente, mais ofrece unha frescura, dinamismo e proximidade que non son doados de atopar no discurso crítico clásico. E tampouco é orixinal de todo, xa que, debe haber arredor dun dez anos, o discurso crítico semanal que enviaba a A Nosa Terra estaba elaborado desde unha fórmula dialogada. De aí naceu a idea desa entrevista na que os diálogos son convites á reflexión.

Finalmente, noutra ocasión, a propósito dunha proposta de lectura de banda deseñada, ensaiamos outra fórmula consistente en ofrecer unha aproximación crítica seguida dunha exposición dupla. Primeiramente ofrecemos unha descrición do contido das viñetas das dúas primeiras páxinas. Logo ofrecemos os diálogos da seguinte páxina, obviando describir o resto do contido das viñetas.

Velá esas humildes tentativas na procura de novos camiños para a crítica. Tentativas híbridas, case sempre, pois non sempre constitúen discursos elaborados totalmente segundo as demandas da nova lectura e, como na derradeira delas, refuxian a nova lectura na vertente divulgadora, dinamizadora.

Propostas para ir abrindo novos camiños para a crítica.

Novos camiños para a crítica? Son necesarios? Teñamos en conta as dificultades que para a súa consolidación está a ter o discurso crítico, que é dos primeiros en ser discutido entre cantos integran a comunicación escrita.

Pois, si. Pois, si. Porque, se non axeitamos o discurso ás novas esixencias lectoras empezaremos a perder a batalla.